

capitulacion de la Plaza y del Fuerte de la Villa a Nro
 ... por los depositos de los Regimientos que hacen parte
 ... el 2.º Cuerpo de la Armada francesa en España hoy
 ... de 1809, alas 6 de la tarde.

Los Santiago Cheloz, Jefe de Equidadron Gobernador
 y Comandante de las tropas francesas en la Plaza y fu
 te de Vigo de una parte y Juan Chausort Recadero co
 mite de Navio Comandante de la Fragata Inglesa, lo
 Venus embiado por Jorge Bury Jefe de la escuadra
 Inglesa delante de Vigo y D. Manuel Benedicto cap.
 de el Batallon de Navarra de la Marina embiado por
 D. Pablo Murillo coronel y Comandante de las tropas
 Españolas delante de la Plaza, de otra parte, firmo y ac
 dado los articulos siguientes en la Ciudad de Vigo a
 franceses que se encuentra en la Plaza y Fuerte, en
 el tenor siguiente.


Articulo 1.º

La Guarnicion podrá salir de la Plaza
 y Fuerte con los honores de la guerra
 marchara a un el glacis en donde
 quedaran sus Armas, sera prisionero
 de guerra y quedara a disposicion de
 las tropas francesas que quedaren
 en la Plaza.

VIGO HISTORIA

“A RECONQUISTA”

Programa educativo para escolares sobre a historia de Vigo





Un bo coñecemento da nosa orixe proporcionáanos a mellor ferramenta para encarar con éxito o noso porvir, fai posible comprender como somos hoxe e nos permite mergullarnos nos camiños da nosa identidade propia como vigueses e galegos. A cidade de Vigo ten unha rica e apaixonante historia que nos aporta leccións sobre o noso pasado e alumea o noso futuro. É o caso da Reconquista de Vigo, froito dun esforzo común, de todos os cidadáns, para sortear dificultades e conquistar grandes retos. Anímovos a coñecela e difundila. Vós seredes os mellores embaixadores de Vigo.

Abel Caballero

Alcalde de Vigo

Introdución

Esta unidade didáctica pretende narrar o acontecemento histórico da Reconquista de Vigo e a súa relación coa historia xeral galega e europea.

Obxectivos didácticos

Que o alumno/a coñeza a historia da cidade de Vigo e poida relacionala coa historia xeral incluída nos seus plans de estudos. Ademais, esta unidade didáctica pretende fomentar valores de convivencia, cidadanía e integración, a través do coñecemento do pasado da comunidade na que se integra.

Contidos

A unidade didáctica da Reconquista consta dos seguintes capítulos: Contexto histórico, O Vigo da Reconquista, Rebelión popular, A Reconquista e As Honras.

Recursos

Esta unidade didáctica complétase con tres recursos didácticos principais:

- A exposición "Vigohistoria-A Reconquista", no Verbum de Vigo, dirixida ós escolares de 5º e 6º de primaria con paneis e obxectos que narran o feito histórico.
- Unha charla didáctica a cargo de expertos na Reconquista ao remate da visita a exposición.
- Un audiovisual dedicado á Reconquista que se proxectará tras a actividade no Verbum.

Actividades

Como actividades complementarias, o profesor poderá abrir debates en clase sobre a Reconquista, con temas como: A participación das mulleres na Reconquista; a loita entre ideas do Antigo Réxime e da Revolución Francesa que se vive neste feito histórico; a figura de Napoleón, entre liberador e autoritario; o valor do esforzo común para conseguir un logro; etc.. Como actividade de gran interese, propónse a visita ós escenarios da Reconquista, nomeadamente o Casco Vello de Vigo, os restos do castelo de San Sebastián e a fortaleza do monte do Castro.

Avaliación

A avaliación corresponderá ó profesor do xeito que mellor considere para a consecución dos obxectivos marcados.



Contexto histórico

Napoleón Bonaparte (1769-1821) é o personaxe que marcará o destino de Europa no comezo do século XIX. Tras a Revolución Francesa, estenderá os ideais revolucionarios pola vía da guerra, conquistando boa parte do Continente e enfrontándose ás potencias do Antigo Réxime, nunha loita que mesmo prenderá na outra banda do Atlántico, nas colonias americanas. Ata a súa derrota en 1815, na batalla de Waterloo, será o gran protagonista dunha época de fondos cambios.



A chamada Guerra de Independencia, coñecida polos ingleses por Guerra Peninsular, está enmarcada nesta política expansionista de Napoleón. O Emperador, que xa colleitara grandes victorias contra Rusia e Austria, no Leste de Europa, pon os seus ollos no Oeste do Continente.

O control francés do reino divide aos españois. Uns pasan a colaborar co novo goberno, que trae ideas modernizadoras. Son chamados con desprezo “afrancesados”. Outros, levántanse en armas, en moitos casos en defensa dos privilexios dos que gozaban no Antigo Réxime. O resultado é un absoluto caos.

O 2 de maio de 1808, estoura en Madrid unha revolta popular que é esmagada polo exército francés. Pero o exemplo prende por todo o país, e xorden xuntas de cidadáns e unha auténtica guerra de guerrillas contra do invasor.

Co apoio de tropas inglesas, a guerra durará seis longos anos, ata que, en 1814, Napoleón se verá na obriga de firmar a paz co fillo de Carlos IV, que reinará co nome de Fernando VII, restaurando a dinastía borbónica.



En Madrid, goberna o rei Carlos IV, un monarca pusilánime, despreocupado dos asuntos de Estado, que deixa o goberno en mans do seu ministro Godoy, quen non dubida en pactar con Bonaparte.

Coa escusa de invadir Portugal, tradicional aliada de Inglaterra e, polo tanto, enfrontada a Francia, un exército francés cruza os Pireneos en 1808, co consentimento de Carlos IV. Ademais, a familia real retírase a vila francesa de Baiona, facilitando así o verdadeiro obxectivo de Napoleón: A invasión do país e a coroación do seu irmán Xosé Bonaparte como novo rei de España.





Vigo da Reconquista

Vigo é unha vila puxante a comezos de 1809. Os alicerces da súa economía son a pesca, a industria da salgadura e a actividade corsaria contra a flota mercante inglesa. O seu comercio era próspero, mesmo con ouriverías como as de Duarte O Mozo e Duarte O Vello, que facían as alfaias de máis sona.




A vila repártese entre o burgo amurallado, que coincide co actual Casco Vello, e o moderno barrio do Areal, onde se asenta a nova clase burguesa.



Vigo era xa unha vila grande, cun censo de case dez mil habitantes. Nos seus arredores había barrios e parroquias iguais aos actuais: Santiago de Vigo, Teis, Candeán, Chapela, Cabral, Bembrive, Coia, Comesaña, Bouzas, Navia, Coruxo... Os veciños de todos eles loitaron xuntos na batalla pola Reconquista.

As murallas tiñan seis portas: A Gamboa, A Laxe, O Berbés, A Falperra, Placer e a Porta do Sol. Unido á muralla, onde hoxe está o edificio do Concello, estaba o castelo de San Sebastián, separado pola barriada da Ferrería. Moi próxima había unha torre, chamada "A Pulguiña", e no cumio do Castro, outro castelo, desde o que se vixiaba toda a Ría de Vigo.





Rebelión popular

En maio de 1808, chegan a Vigo as novas da rebelión popular do 2 de maio en Madrid contra os ocupantes franceses. Os vigueses súmanse á revolta e, reunidos na praza da Pedra, destitúen ao gobernador, Francisco da Roque, a quen acusaban de afrancesado. Francisco Xavier Vázquez Varela é nomeado alcalde, e Juan de Villavicencio convértese en gobernador.

No verán de 1808, os vigueses acadan un primeiro éxito, cando capturan ó buque francés "Atlas", que fondea fronte á vila, crendo que estaba baixo mando das forzas de Napoleón. No outono dese ano, envíanse 142 mozos da vila para unirse ao exército de Galicia, co cal Vigo queda desgornecida. A finais de ano, fórmase un exército de voluntarios, chamado "A Milicia Honrada", formado por uns 300 homes veteranos e mal armados.



O 1 de xaneiro de 1809 entran os franceses en Galicia, con dous exércitos ao mando dos mariscais Soult e Ney. Veñen perseguindo ao exército británico do xeneral John Moore, que evacúa á súas tropas en A Coruña de volta a Inglaterra. Mentres os soldados comezan o embarque, líbrase a batalla de Elviña, na que morre Moore, aínda que consegue salvar á meirande parte dos seus homes. Tras esta victoria, as forzas napoleónicas dedícanse á ocupación de todo o territorio galego.



Sir John Moore

A Vigo, as tropas francesas chegan o 31 de xaneiro e a vila vese na obriga de renderse. Centos de húsares, 1.200 soldados e 450 dragóns, unidades militares de elite, ocupan a praza nos días sucesivos. Vázquez Varela e Villavicencio son confirmados nos seus cargos, pero o mando de Vigo queda en mans do comandante francés, Chalot.

Pero, desde o primeiro día de ocupación, os vigueses comezan a conspirar contra os franceses. Dentro das murallas, veciños, comerciantes e os frades franciscanos do convento do Berbés acumulan armas e municións, ao tempo que agochan os víveres aos ocupantes. Nas parroquias do entorno, alístanse voluntarios para retomar a praza, baixo a dirección do abade de Valadares, Juan Rosendo Arias, e do alcalde do Fragoso, Cayetano Parada. A Reconquista comeza a xestarse, día a día, sen descanso.



Cayetano Parada



Reconquista



Cachamuíña

A comezos de marzo de 1809, Vigo está preparada para expulsar aos franceses. Os rebeldes fundan un primeiro cuartel xeneral na parroquia de Zamáns. Logo, trasládanse a Lavadores. Un fidalgo, Joaquín Tenreiro Montenegro, recruta novos voluntarios e cadros dirixentes, como o portugués Juan de Almeida. De fora chegan tamén novos líderes, como os militares Pablo Morillo, Francisco Colombo e quen será o heroe local, Bernardo González del Valle, apodado "Cachamuíña" polo nome da vila ourensana na que nacera.



Pablo Morillo

O día 17 de marzo iníciase oficialmente o cerco da vila. Os franceses xa non poden saír das murallas na procura de alimentos e de forraxe para os cabalos. Ademais, os veciños vanlles roubando armas e municións, que sacan en segredo aos campamentos dos seus compañeiros sitiadores.

No mar, as fragatas británicas "Lively" e "Venus", prestan apoio naval e manteñen o cerco de Vigo. Os líderes vigueses comezan entón a enviar mensaxes ao comandante Chalot, instándolle a súa rendición, pero este négase en repetidas ocasións, tentando de gañar tempo, esperando reforzos.

O 27 de marzo de 1809, Morillo da a Chalot un ultimátum. Se non entrega Vigo, atacarán a praza. Esa noite, miles de vigueses caen sobre as murallas e comeza o asalto. Na porta da Gamboa teñen lugar os feitos máis coñecidos: A tradición di que un vello mariñeiro do Berbés, chamado Carolo, cae morto cando intentaba derrubar a porta cunha machada. O heroe é substituído por Cachamuíña, que toma a machada e abre o paso, aínda que recibe tres balazos dos franceses.

Tras unha hora de batalla, na que se rexistran máis de cen mortos entre os franceses e uns trinta entre os vigueses, Chalot réndese. O 28 de marzo entrega a praza e os ocupantes son evacuados en barco como prisioneiros.

Tras a Reconquista, os vigueses aínda colaborarían na recuperación da cidade de Tui, así como na guerra en toda Galicia e, tamén, na definitiva batalla de Ponte Sampaio, que en xuño de 1809 suporía a derrota do exército do xeneral Ney e a retirada definitiva dos ocupantes napoleónicos de Galicia. Era o primeiro territorio liberado de Bonaparte en toda Europa. E Vigo, a primeira praza europea en ser reconquistada.





s Monras

Un ano despois da Reconquista, o 1 de marzo de 1810, a Rexencia do Reino concede á vila de Vigo o título de cidade, cos títulos de "Fiel, Leal e Valorosa", en recoñecemento á loita pola súa liberdade. Ademais, concedéronse diversas distincións aos heroes da Reconquista.

O BOTÍN DA VICTORIA

Os franceses entregan 117.000 francos da caixa do pagador do Segundo Corpo do Exército. Morillo atopa no castelo de San Sebastián outros 19.755 francos. Repártense 15 francos a cada paisano, equivalentes a 51 reais. Os mandos da rebelión reciben 3 napoleóns, uns 200 reais.

CAMPAMENTOS VIGUESES

Cuartel xeneral de Valadares. Dirixido polo abade de Valadares. Trasládase a Santa Cristina de Lavadores tres días antes do asalto.
Campamento de San Lourenzo.
Campamento de Teis.
Tropas en Coia e Bouzas, dirixidas polo xuíz de Bouzas.
Campamento do Areal: Dirixido por Pablo Morillo, fórmase tres días antes do ataque sobre Vigo.

OS FRADES DE SAN FRANCISCO

Acolían aos franceses feridos no seu convento, pero en realidade facían un traballo de guerrillas, roubándolles armas e municións, e levándoas aos sitiadores. Algúns dos frades máis activos foron Andrés Villageliú, Manuel Xanas, Sebastián Gregorio ou Frei Tomás Párrega.

BLOQUEO MARÍTIMO

As fragatas "Venus" e "Lively" manteñen o bloqueo naval sobre Vigo. Ademais, mariñeiros do Morrazo, Coia e Bouzas patrullan para evitar a saída de ordes ou a entrada de reforzos. O 26 de marzo apresan unha lancha francesa que tentaba chegar por mar a Tui para pedir axuda ás forzas do xeneral Lamartinière.



Edita: Concello de Vigo
Coordinación: Eduardo Rolland
Supervisión lingüística: Concello de Vigo
Maquetación e Deseño: Ouga Comunicación
Fotografía: arquivo
© Todos os dereitos reservados

Colabora:



Organiza:

